

Article

Factores que inflúen na escollo do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional

Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez
Universidade de Vigo

Interpreting, as a power-mediated transnational space, is a very insightful field of study about language as both a communicative and symbolic tool. The choice between Galician and Spanish in international conferences or business meetings —in which simultaneous and consecutive interpreting are used to enable communication among the speakers— implies revealing usages upon attitudes towards Galician and its communicative and symbolic value, having an impact in Galicians' own perception and other speakers' attitudes about this language. This article analyses the presence of Galician in interpreting settings. Particularly, it first reviews the literature from interpreting studies, and then presents the study's methodology, analysis, results and conclusions. It focuses on the influence of variables such as 'interpreting mode', 'theme' and 'initiator' on the choice between Galician and Spanish in all interpreting performances made from English into Spanish and Galician by one of the co-authors of the study between 2003 and 2018.

Quantitatively analysed results are complemented by information from participant observation during the hiring and interpreting process. Conclusions —despite and thanks to their personal traits— draw an actual picture of the situation of Galician in professional interpreting, its language-promotion potential and the variables and agents that have a say on it, and suggest best practices to improve its presence and contribute to the promotion of Galician in those prestige areas.

Keywords

Interpreting
Galician
Promotion of Minority Languages
Languages' Social Image

Palabras clave

Interpretación
Galego
Normalización
Imaxe social das linguas

Abstract

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

Resumo

A interpretación, como espazo de mediación transnacional no que operan as relacións de poder, é un ámbito de estudo moi elocuente sobre o valor da lingua como instrumento de comunicación e de status simbólico á vez. A escolla entre galego e castelán en congresos internacionais, conferencias ou reunións de tipo empresarial, nas que se emprega a interpretación simultánea ou consecutiva para facilitar a comunicación con falantes doutras linguas, comporta, de feito, formas de uso reveladoras de actitudes sobre a lingua que inflúen en gran medida na percepción propia e allea sobre esta e o seu valor, tanto comunicativo como simbólico. Neste artigo abordamos a presenza do galego como lingua de interpretación en Galicia. En primeiro lugar, facemos un repaso dalgunhas achegas realizadas ata o momento desde o ámbito da investigación en interpretación. En segundo lugar, presentamos a metodoloxía de estudo dun corpus comparativo de interpretacións desde o inglés (ao galego ou castelán), no que analizamos a influencia das variables modalidade, temática e axente iniciador na escolla do galego ou castelán como lingua de interpretación desde o inglés. Os datos extráense, a través do método da observación participante, dos traballos de interpretación realizados en Galicia, ou para axentes galegos, por unha das investigadoras, tamén intérprete, entre 2003 e 2018. A análise cuantitativa do conxunto de resultados obtidos complementáase cunha análise cualitativa de tres casos concretos de especial interese. As conclusións achegan unha instantánea real que, malia o seu carácter persoal —ou precisamente por este—, deita luz sobre a situación do galego na interpretación profesional, o seu potencial normalizador e as variables e axentes que inflúen nela e apunta boas prácticas para aumentar a súa presenza e contribuír á normalización da lingua en ditos ámbitos de prestixio.

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez



1. Introducción

Calquera proceso de normalización dunha lingua minorizada precisa dunha continua diversificación de usos lingüísticos e, neste sentido, a presenza da lingua na interpretación pode resultar un indicio moi significativo do nivel normalizador atinxido, xa que esta adoita empregarse en situacións comunicativas cun nivel alto de formalidade e sobre as máis variadas temáticas. Polo tanto, a inclusión dunha lingua minorizada nestes espazos contribuirá sen dúbida a aumentar o seu prestixio social, así como a desenvolver e consolidar o seu proceso de estandarización. A pesar do anterior, a presenza do galego no ámbito da interpretación e o seu peso relativo con respecto ao castelán son liñas de investigación practicamente inexploradas e asemade complexas debido, como recolle Baxter (2013b: 231), a tres circunstancias: o carácter efémero da interpretación, que non deixa rastro; o feito de as axencias e intérpretes non deixaren facilmente acceder aos seus rexistros e facturas e, por último, a falta de cifras oficiais sobre as linguas que se empregan nos actos organizados, patrocinados ou subvencionados polas institucións públicas galegas.

Nos escasos artigos que abordan o panorama da interpretación en Galicia (Currais Arcay 2010, Alonso Bacigalupe et al. 2003-2004), a interpretación en galego noméase como un elemento máis, en absoluto definitorio nin central, e cun peso relativo que reflicte máis a súa situación de lingua minorizada que a súa condición de lingua cooficial e propia de Galicia. Con iso e con todo, e sen haber ningunha axuda directa que subvencione a interpretación desde ou para o galego (Baxter 2013b: 230), tanto a experiencia dunha das coautoras deste artigo, como a oferta de servizos profesionais dos membros da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI, vid. apartado 2) dan conta da posibilidade do emprego desta lingua en reunións de carácter internacional tales como os congresos, un tipo de reunións que se realizan en Galicia con bastante asiduidade, nas que a interpretación é unha peza fundamental (Currais Arcay 2010: 130) e das que mesmo se vén producindo un auxe nos últimos anos (VV. AA. 2019).

Co fin de contribuír á descrición da realidade da interpretación entre o galego e outras linguas, este artigo presenta, en primeiro lugar, as principais características da interpretación en Galicia e repasa os antecedentes de investigación sobre as circunstancias nas que se adoita utilizar a lingua galega. En segundo lugar, expónse a metodoloxía e a delimitación do corpus empregado, para centrarse finalmente na análise dos factores que facilitan ou promoven a interpretación do inglés cara ao galego, partindo da traxectoria dunha intérprete profesional que exerce maioritariamente en Galicia.

2. A interpretación co galego como lingua de traballo

A primeiros de século vivíuse un tempo de crecemento na celebración de congresos e outro tipo de reunións internacionais que precisaban interpretación, impulsado pola construción de instalacións destinadas a este tipo de actos, polo sector da pesca (e a dinamización previsible deste como consecuencia do establecemento da Axencia Europea de Pesca) e por

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

1

Segundo a versión galega da *Guía práctica para contratar servizos de interpretación*, de Chris Durban, traducida pola AGPTI (2011), a interpretación simultánea emprégase 'en conferencias, congresos, convencións de vendas e reunións máis ou menos técnicas que requiren unha tradución especialmente áxil', interprétase 'dentro dunhas cabinas insonorizadas' e 'o público asistente escoita a tradución por uns auriculares' (Durban, traducido por AGPTI 2011: 6).

2

Incluimos aquí a interpretación de enlace, acaída para roldas de prensa, cursos de formación, visitas guiadas e reunións políticas de alto nivel (Durban, traducido por AGPTI 2011: 8).

3

Interpretación simultánea en voz baixa a carón da oínte, sen mediación tecnolóxica.

4

En efecto, segundo os últimos datos do IGE dispoñibles (referentes a 2013), a porcentaxe de comprensión oral da lingua galega ('entendemento do galego falado') ascende a un elevado 95,83% no conxunto da poboación.

iniciativas institucionais como o Xacobeo (Alonso Bacigalupe et al. 2003-2004: 26). Neste contexto, a interpretación en Galicia, un mercado relativamente pequeno (Currais Arcay 2010: 130), reflectía a desigualdade entre galego e castelán —a favor deste último— na interpretación en congresos internacionais, especialmente nos do eido científico.

Con todo, si se comezaba a observar unha tendencia á interpretación cara ás dúas linguas oficiais nas reunións patrocinadas ou financiadas polas autoridades autonómicas (Alonso Bacigalupe et al. 2003-2004: 25), algo que se puido notar lixeiramente durante o goberno bipartito de carácter progresista, de PSDG e BNG na Xunta de Galicia (Baxter 2013b: 233, Baxter 2013a: 244). Dito goberno, así e todo, non aplicou unha política clara de promoción do galego mediante axudas directas á interpretación nesta lingua, como parte do proceso de normalización lingüística, tal e como sería preciso segundo Alonso Bacigalupe et al. (2003-2004: 25), Currais Arcay (2010: 131) e Baxter (2013b). En 2010 o crecemento continuou pero a un ritmo menor, como consecuencia probablemente da crise económica e dos cambios no goberno galego (Currais Arcay 2010: 130), e isto reflectiuse na interpretación cara ao galego, a primeira en caer por razóns económicas (Baxter 2013b: 231-33), ao considerarse esta lingua coma unha lingua foránea e non como posible lingua vehicular (ou pivot, na xerga interpretativa) dos congresos, coa única excepción dos casos nos que os encontros son organizados por colectivos cun claro compromiso coa lingua e cultura galegas.

Por unha banda, é certo que, sobre todo na interpretación simultánea, adoita interpretarse do inglés debido á presenza de persoas foráneas, como poñentes ou asistentes, e que a escolla do castelán fronte ao galego como lingua de interpretación se xustifica co argumento de que tamén é frecuente a presenza de persoas do resto de España (Currais Arcay 2010: 132).¹ Debido a que estas empregarán o castelán como lingua de comunicación, óptase pola combinación lingüística castelán-inglés-castelán e as persoas galegofalantes que asistiren vense na obriga de empregar o castelán, malia iso conculcar os seus dereitos lingüísticos. Porén, a nosa análise pon de relevo, como intentaremos demostrar, que moitas veces a combinación galego-inglés-galego é unha posibilidade que non se contempla, nin sequera naquelas xuntanzas nas que non hai asistentes do resto de España que puidesen xustificar a escolla da combinación castelán-inglés fronte ao galego-inglés con criterios puramente económicos.

Os contextos e características da interpretación consecutiva, en cambio, ofrecen outras posibilidades.² En primeiro lugar, porque se adoita traballar moito tempo seguido nunha mesma dirección (Alonso Bacigalupe et al. 2003-2004: 16). Así, en función do tipo de encontro e do número de persoas anglófonas, a carga da interpretación será maior cara ao inglés ou cara ao galego/castelán. Nas roldas de prensa, cursos ou conferencias maxistras —nas que hai unha persoa anglófona convidada e un público que precisa entender o seu discurso—, adoita interpretarse maioritariamente desde o inglés cara á lingua do público, con apenas interpretación en inversa —só no caso de as persoas asistentes faceren preguntas, que se interpretan na modalidade de murmuro á oradora convidada.³ Nestes casos, dado que en Galicia practicamente toda a poboación comprende o galego, sexan ou non galegofalantes habituais, o argumento da non comprensión que se adoita empregar nos congresos especializados con interpretación simultánea perde validez.⁴

Polo tanto, só no caso de reunións técnicas con poucos participantes —nas que a interpretación consecutiva desde o inglés se realiza

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

5

Xornadas organizadas pola Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación e celebradas o 5 de febreiro de 2019 na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. A mesa redonda á que se refire a cita reunía a axentes mediadoras na oferta de servizos de interpretación: unha representante de empresas de organización de congresos, dúas xerentes de axencias de tradución e interpretación e a directora dunha fundación para a promoción de Vigo como cidade de congresos.

6

Esta resposta é moi elocuente da situación de invisibilización do galego como lingua de congresos, xa que dela se deduce que non se ofrece como lingua de traballo e, menos aínda, como lingua principal.

unicamente cando intervén a persoa foránea e no resto do tempo se interpreta en inversa para esta persoa na modalidade de murmurio— nas que as demais persoas sexan do ámbito hispano e, por tanto, precisen interpretación cara ao castelán, podería fundamentarse a escolla desta lingua nun argumento comunicativo e non ideolóxico.

Ademais, nas recentes xornadas “Tomamos o pulso ao mercado da interpretación en Galicia”,⁵ ante a pregunta de cal é a presenza do galego na interpretación de congresos, a resposta xeneralizada das axentes mediadoras foi que ‘non se solicita’.⁶ Isto, en primeiro lugar, confirma a nosa percepción da falta de oferta de galego como lingua vehicular nos congresos e, en segundo lugar, pon de relevo o papel determinante das entidades organizadoras dos congresos en dita escolla lingüística, isto é, dos axentes iniciadores. Segundo Currais Arcay (2010: 131-32), de feito, esta cuestión fica totalmente nas súas mans e só solicitan sistematicamente servizos de interpretación cara ao galego as institucións e entidades que teñen como política habitual o uso e promoción da lingua galega. Algo semellante se deduce da investigación de Baxter de 2013, na que a porcentaxe de interpretacións cara ao galego representa un terzo ou un cuarto —dependendo de se a contaxe se facer por horas ou por traballos— dos servizos de interpretación prestados por dous profesionais entre 2002 e 2011, de xeito que a presenza do galego resulta como moito anecdótica cando as entidades organizadoras non teñen ningún vínculo con agrupacións comprometidas coa lingua e o país.

Así e todo, se tomamos como referencia o buscador de profesionais da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación —no que só aparecen as persoas socias que traballan nestes eidos por conta propia ou allea e están dadas de alta como profesionais da tradución e interpretación na seguridade social—, trinta persoas ofrecen os seus servizos de interpretación cara ao galego no momento de redacción inicial deste artigo (outono 2018). Tendo en conta que este é un buscador público utilizado para ofrecer e atopar profesionais que poidan cubrir un servizo de interpretación, non é desprezable como instantánea da oferta de servizos desde e cara ao galego. Destas trinta persoas, só dúas prestan unicamente servizos de interpretación entre galego e castelán, mentres que as outras vinte e oito ofrecen interpretación directa do galego a polo menos unha lingua estranxeira (e viceversa): a maioría desde o inglés (17) ou cara a esta lingua (9), seguidas do portugués e francés (8 do portugués ou do francés cara ao galego, 6 cara ao portugués e 4 cara ao francés), do alemán e italiano (3 do alemán e unha cara a esta lingua, 2 do italiano e unha cara ao italiano) e do xaponés, serbio, croata, bosníaco e esloveno, dos que hai unha persoa en cada combinación lingüística, tanto en directa como en inversa.

No que respecta á interpretación entre o galego e linguas estranxeiras, vemos, xa que logo, que a combinación lingüística co inglés é a que máis peso ten na oferta de servizos, polo menos entre as profesionais desta organización. Esta preponderancia do inglés, seguida do francés, o portugués, o italiano e o alemán, correspóndese coa radiografía descrita por Currais Arcay (2010: 131) no que respecta ás linguas de traballo de interpretación en Galicia na época á que fai referencia o noso estudo.

3. Hipótese e bases teóricas

Despois desta revisión sobre o estado da cuestión, detectamos unha carencia importante na análise do uso do galego no ámbito da interpretación, así

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

7

Para profundar na importancia de dita formación na interpretación ao galego, de forma detallada e contrastada en comparación coas demais linguas cooficiais de España, consúltese Baxter 2017.

como na valoración das posibles potencialidades que ofrece para o seu proceso normalizador. Ademais, consideramos que esta lagoa na investigación non reflicte a situación que se dá na práctica, onde a experiencia da coautora do artigo como intérprete e os datos de profesionais do directorio da AGPTI apuntan a que a presenza do emprego da lingua galega na interpretación é maior da que se deduce dos escasos estudos realizados ata agora; por non falar do aumento das posibilidades grazas ás promocións formadas desde hai vinte anos na licenciatura e grao en Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo.⁷

Esta é de feito a nosa hipótese de partida: que a presenza do galego na interpretación é maior do que se podía pensar nun principio lonxe do terreo. De feito, como xa se ten detectado en estudos sobre o emprego da lingua galega noutros ámbitos (ver por exemplo Ramallo e Rei Doval 1997), en moitos casos a utilización do castelán responde máis a inercias establecidas que a un rexeitamento do uso da lingua propia. Así, a oferta do emprego do galego é ben recibida polos clientes, aínda que sen esta suxestión sería o castelán a lingua usada. Trátase dunha reprodución automática de comportamentos estereotipados que responden a prexuízos xa superados en moitos casos, total ou parcialmente, como que o galego non é válido para tratar certos temas.

En concreto, o prexuízo que máis afecta ao noso estudo é o que denominamos ‘falso respecto ao castelanfalante’, que provoca a converxencia cara ao castelán ante a mínima posibilidade de que o interlocutor ou público non entenda o galego. Formoso (2013: 74) denomíno ‘amabilidade lingüística’ e defíneo como ‘a converxencia dos galegofalantes cara ao castelán cando interactúan con persoas que empregan, ou supoñen que poden empregar, esta lingua’. Esta autora atribúeo a unha característica da sociedade galega, ‘hospitalaria e amable de seu’, de xeito que ‘calquera falante de galego pode sentirse mal se emprega a súa lingua diante de descoñecidos, pero non ten o mesmo sentimento se emprega o castelán aínda cando os interlocutores non teñan ningún coñecemento deste idioma’ (Formoso 2013: 75); isto é, o castelán funciona como lingua anónima, en termos de Woolard (2007).

Este prexuízo ten a súa orixe na norma social que daba por feito a converxencia cara ao castelán dos galegofalantes, ‘cualificándose a diverxencia como falta de educación’ (Iglesias 2002: 162): ‘falar galego cando hai alguén que non o fala é de mala educación’ (Núñez Singala 2015), baixo o argumento de que os castelanfalantes de Galicia descoñecían o galego e ademais estaban no seu dereito de non levar a cabo o esforzo de aprender a lingua do outro grupo lingüístico da comunidade (daquela considerado un privilexio do grupo dominante). Tal norma, como recorda Iglesias (2002: 163) ‘vai prexudicar sempre a lingua dominada, dificultando a súa introdución en novos ámbitos ou a extensión a novos falantes’.

Coa chegada da democracia e o inicio do proceso de normalización, rómpese a bilingüización asimétrica existente en Galicia durante séculos, de xeito que xa tamén os castelanfalantes da nosa comunidade se ven na obriga de aprender o galego (por exemplo a raíz da súa introdución no sistema educativo). Este cambio de status do galego, acompañado da gran proximidade lingüística entre as dúas linguas, deu lugar ao alto nivel de comprensión da lingua propia que encontramos na actualidade en Galicia, superior ao 95% segundo os datos do IGE, como xa se mencionou.

Polo tanto, o argumento no que se sustentaba o prexuízo desapareceu pero non necesariamente este nin o comportamento asociado, isto é, o

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

8

Na RTVG podemos comprobar como moitos locutores aplican este comportamento ante entrevistados castelanfalantes, sen preguntarlles previamente se comprenden ou non o galego, senón dando por feito que a postura máis adecuada é converxer ao castelán.

9

Así, por exemplo, a mellor maneira de romper o prexuízo de que a lingua galega non era o suficientemente elevada para cultivar o xénero poético foi utilizándoa de feito para a creación de poesía de calidade, como ocorreu no Rexurdimento. Do mesmo xeito, no primeiro terzo do século xx, o uso do galego nos discursos públicos rompeu a barreira de que esta lingua non era apta para o seu uso en textos orais formais, como mitins, presentacións académicas, etc.

10

Aquela interpretación que lle permite a persoas ou grupos dunha sociedade que non falan a lingua oficial ou dominante acceder aos servizos básicos e comunicarse coas persoas que fornecen ditos servizos, na definición de Shlesinger recollida por Bancroft (2015: 219).

11

Con todo, mesmo na interpretación de conferencias, a posibilidade da 'non presenza' como trazo de profesionalidade na interpretación —que sostén o discurso tradicional sobre a interpretación no que as intérpretes son meras mensaxeiras dos significados das persoas entre as que interpretan— é un mito creado, seguramente, co ánimo de manter o poder económico e simbólico das intérpretes no seu labor profesional pero que, lonxe de empoderalas, vólveas máis vulnerables (Diriker 2001:34).

hábito de cambiar ao castelán ante a presenza de interlocutores castelanfalantes, sen importar se estes comprenden ou non o galego.⁸ Como afirma Formoso (2013: 76), 'aínda que o discurso case sempre se apoia en facilitarlle a comprensión ao outro, ao que non fala, o que realmente está detrás é un sentimento de minorización da lingua propia'. Así mesmo, a norma de converxencia cara ao castelán tamén provocou a non aceptación das conversas bilingües. Isto ten como consecuencia, por exemplo, que un falante de italiano e outra de galego cambien ao inglés para falaren entre eles, cando en realidade se podían entender manténdose ambos nas súas respectivas linguas sen necesidade dunha interlingua, de partirmos da noción de intercomprensión entre linguas romances (Labraña, Vázquez, Klein e Stegmann 2009).

Estes comportamentos derivados dos prexuízos mantéñense moitas veces por unha cuestión de hábito (Triandis 1980: 216) e non tanto polo prexuízo en si. De feito, nestes casos, a superación real do prexuízo dáse mediante o cambio da propia práctica, isto é, demostrando con comportamentos novos que as condutas antigas se enraizaban nunha base errónea, algo do que encontramos numerosos exemplos na historia da lingua galega.⁹ A forma máis evidente, xa que logo, de superación deste prexuízo, é mediante a práctica consciente do que se coñece como 'oferta positiva' en galego, é dicir, sempre que se considere que as circunstancias son favorables, suxerir a interpretación cara a esta lingua. Recuperamos así esta proposta que xa se recollía no inmerecidamente esquecido PXNLG (VV. AA. 2004: 23): 'a adopción do galego como lingua de contacto inicial entre a persoa que representa a Administración ou a empresa, e o cidadán ou o cliente', que 'desinhibe o galego do interlocutor, permítelle saír da ocultación [...] e elimina de raíz a barreira rutineira pola que un cliente ou un cidadán lle oculta o seu galego a todo aquel que aparece revestido de máis poder (administrativo ou comercial) ou autoridade'.

No caso dos servizos de interpretación, a oferta positiva do galego por parte da intérprete (ou axente mediadora, xa for axencia de tradución, de organización de congresos ou similar) podería resultar crucial. Con todo, cómpre ter en conta que a marxe de intervención de ambas, e da intérprete especialmente, sobre calquera asunto, depende de elementos diversos, tales como a estabilidade económica, a experiencia profesional, a familiaridade co cliente, etc., cuestións interrelacionadas con outras máis complexas e igualmente delicadas coma o poder ou a identidade nas que a lingua, xunto ao xénero, a idade, etc. é unha variable máis en xogo.

De feito, é no ámbito dos servizos públicos, ou 'community interpreting', onde as investigacións en interpretación fan cada vez máis fincapé na visibilidade e marxe de intervención ('agency') da intérprete mesmo durante a interpretación (Angelelli 2004), e no seu potencial emancipador naqueles casos nos que a lingua da que se interpreta é unha lingua minorizada.¹⁰ Isto resulta patente no ámbito da investigación en interpretación en linguas de signos (Mole 2018), no que as diferenzas de poder entre as persoas que precisan a interpretación resultan se cadra máis evidentes.¹¹

Partimos, por tanto, de que a relación entre a intérprete e quen lle encarga a interpretación non é igualitaria e vese atravesada por numerosos elementos de poder —cuxa análise requiriría un estudo polo miúdo de cada un dos casos— que inflúen na antedita marxe de intervención. En calquera caso, pensamos que tal marxe existe e que o potencial da intérprete como dinamizadora lingüística non é desprezable e aumentará naqueles contextos nos que se dean unhas condicións facilitadoras para o uso do

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

12

Estariamos ante o que se coñece na bibliografía especializada como 'totalmente participante' (Piñeiro Aguiar 2015: 85) ou 'participante completo' (Kawulich 2005: 10), é dicir, un membro máis da interacción que oculta o seu papel de investigador, para evitar interferir na actividade normal. Por suposto, dada esta situación, por motivos éticos, garantimos en todo momento o anonimato dos demais participantes nos encontros, vén-donos obrigadas, polo tanto, a omitir información que puidese revelar as súas identidades.

13

No que respecta á combinación inglés-castelán-inglés, eliminamos aqueles casos nos que non se daba a posibilidade de interpretar cara ao galego, dado que se trataba dunha lingua totalmente allea ao contexto do encontro, tanto polos organizadores como polos participantes e o lugar de realización (en Lisboa e en Barcelona). Polo tanto, consideramos que a comparación só resultaba produtiva nos casos nos que a interpretación desde o inglés podía darse tanto cara ao galego como cara ao castelán, pois é nestes nos que o emprego dunha ou outra lingua de chegada supón unha elección lingüística.

galego. Xa que logo, neste estudo analizaremos cales son os factores que facilitan o recurso ao galego nos intercambios que demandan a interpretación cara ou desde o inglés, isto é, indagaremos sobre cales poden ser as condicións facilitadoras deste comportamento, ou 'facilitating conditions' na terminoloxía de Triandis (1980).

4. Metodoloxía e ámbito do estudo

Co fin de recoller datos sobre os encontros que demandan interpretación en Galicia, dada a dificultade de acceder a este tipo de información (Baxter 2013b: 231), recorreremos ao método da observación participante. En efecto, esta metodoloxía, que ten a súa orixe nos estudos antropolóxicos e etnográficos (Kawulich 2005: 3), permite ao investigador interactuar directamente cos informantes no propio contexto, de xeito que aquel desempeña ao mesmo tempo un papel na interacción. En palabras de Bisquerra (2004: 332), 'la observación participante, como su nombre indica, consiste en observar al mismo tiempo que se participa en las actividades propias del grupo que se está investigando'. No noso caso, unha das investigadoras e coautora do presente artigo foi ao mesmo tempo a intérprete dos casos analizados, en concreto todas as interpretacións levadas a cabo por ela, profesional autónoma do sector, desde mediados do ano 2003 ata comezos do 2018.

A gran vantaxe desta ferramenta é que reduce a incidencia da reactividade, pois é a forma máis directa e natural de observar comportamentos e dinámicas, ademais de que 'faculta al investigador [sic] a recoger tanto datos cualitativos como cuantitativos' (Kawulich 2005: 6).¹² O obxectivo é recoller a información da forma menos intrusiva posible, algo que xa se ten feito na investigación no eido da interpretación de conferencias (Bendazzoli 2010). Deste xeito, puidemos realizar tanto unha análise cuantitativa do conxunto, como unha análise cualitativa dalgúns casos concretos, seleccionados por presentaren unhas características específicas e de especial interese para os nosos obxectivos.

Así, na parte cuantitativa, co fin de sistematizar os datos e centrar o noso foco de estudo, elaboramos unha táboa na que desagregamos a información sobre cada encontro segundo as seguintes características: data, combinación lingüística, modalidade de interpretación, tema, ámbito (tipo de encontro), lugar xeográfico, local, duración, axente iniciador, axente mediador e axente patrocinador. Unha vez clasificados os casos, decidimos reducir o corpus ás combinacións lingüísticas inglés-galego-inglés e inglés-castelán-inglés e comparalas entre si, pois ademais de resultar maioritarias, son as que máis peso parecen ter dentro do mercado da interpretación en Galicia (vid. apartado 3) e as que mellor nos permiten extraer conclusións sobre os factores que inflúen na escolla do galego ou do castelán como lingua de traballo, cando se dá a necesidade de interpretar desde a lingua estranxeira máis habitual neste tipo de encontros.¹³

O corpus resultante conta con 91 casos, que foron analizados por dúas investigadoras para acadar así a triangulación denominada 'de investigador(a)', que se considera presente sempre que dúas ou máis persoas con experiencia en investigación pero antecedentes diversos exploran o mesmo fenómeno (Arias Valencia 2000: 18). En palabras de Aguilar e Barroso (2015: 74), 'de esta forma incrementamos la calidad y la validez de los datos ya que se cuenta con distintas perspectivas de un mismo objeto

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

14

Nestes dous casos concretos, a interpretación solicitouse desde o inglés cara ao castelán e viceversa, pero, debido a que algúns participantes empregaron o galego, a intérprete tamén realizou a combinación galego-inglés (aínda que non estaba prevista). Polo tanto, non encaixaban no grupo inglés-castelán-inglés, pois nestes o galego non intervéen en absoluto, pero tampouco no de inglés-galego-inglés, xa que a interpretación desde o inglés se realizou cara ao castelán e só na inversa se deron intervencións no sentido galego-inglés. Sen dúbida, dada a súa particularidade, estes casos merecen unha análise máis a fondo que aquí non podemos abordar por falta de espazo, pero esperamos realizar en futuros estudos.

de estudio y se elimina el sesgo de un único investigador'. Así, no caso que nos ocupa, achamos fundamental aplicar este tipo de triangulación co fin de garantir a rigorosidade e validez metodolóxica da análise, ao permitírnos abordar o estudo desde dúas perspectivas diferentes e complementarias, sobre todo tendo en conta que unha das investigadoras é a propia intérprete participante nos casos analizados. A súa visión desde dentro contrástase coa perspectiva externa da outra investigadora, que pertence ao ámbito da sociolingüística e non conta con experiencia nin práctica profesional no ámbito da interpretación. Deste xeito, cúmprense os requisitos para poder aplicar con garantía este tipo de triangulación: a) ambas investigadoras teñen un papel prominente no estudo; b) contan con experiencias de investigación diferentes e c) a perspectiva e posible desviación disciplinar é evidente e distinta en cada caso (Arias Valencia 2000: 18).

Das variables que interveñen en cada interpretación (data, modalidade, tema, tipo de encontro, lugar xeográfico, local, duración, axentes iniciador, mediador e patrocinador), que empregamos para clasificar os casos, centrámonos en tres, que son as que imos analizar polo tanto como variables independentes ou explicativas: o tema, no que, segundo vimos na revisión bibliográfica, o galego parece estar excluído dos encontros científicos (Currais Arcay 2010: 130); o axente iniciador do encontro, que desempeña un papel preponderante segundo a bibliografía (Currais Arcay 2010 e Baxter 2013); e a modalidade (consecutiva ou simultánea), posto que adoita implicar diferentes tipos e tamaños de público e, xa que logo, consideramos que pode influír na escolla entre galego e castelán como lingua de chegada.

No que respecta á análise cualitativa, engadimos o estudo de tres intercambios concretos, que consideramos de especial interese, co obxectivo de profundar nas causas e motivacións dos comportamentos e nas actitudes que deles se derivan, información que se perde na análise cuantitativa. En calquera caso, non buscamos unha produción de datos específica para este fin (aplicando técnicas como a entrevista ou o grupo de discusión), senón que a información se extrae así mesmo da observación participante realizada e, polo tanto, do propio desenvolvemento dos intercambios comunicativos entre a intérprete e os axentes iniciadores, así como das negociacións que se levaron a cabo para establecelos na maneira en que finalmente tiveron lugar. De cada un destes intercambios, a investigadora-intérprete rexistrou as cuestións que lle pareceron máis relevantes, co fin de poder analízalos posteriormente cunha maior concreción e profundidade.

5. Análise cuantitativa dos datos

Durante o período de tempo analizado, dos 91 casos de servizos de interpretación prestados en Galicia —ou para entidades galegas— nos que o inglés é a lingua de partida, encontramos 42 interpretacións cara ao galego e 47 cara ao castelán, mentres que nos dous restantes se interpretou inglés-castelán pero tamén galego-inglés, polo que os incluimos nun subgrupo á parte (vid. táboa 1).¹⁴

Trátase de cifras bastante próximas e que, presentadas de forma illada e desde un punto de vista meramente cuantitativo, resultan positivas para o galego e indicadoras dun grao de normalización importante. Non obstante, cómpre analízalas con precaución, ao tratárense de casos dunha mesma intérprete, posto que isto inflúe tanto na repetición de traballos

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

para un mesmo axente, como na proposta do galego como lingua de traballo cando os axentes iniciadores non amosan unha preferencia particular por galego ou castelán nin un rexeitamento claro ao uso do galego, como se pon de manifesto na análise cualitativa (vid. apartado 6). Ademais, á hora de analizar as características de cada caso, encontramos tamén diferenzas relevantes na escolla dunha lingua ou outra (interpretación cara ao galego ou cara ao castelán), en función sobre todo das tres variables xa mencionadas: a modalidade (simultánea / consecutiva), o tipo de axente iniciador e a temática.

5.1. Con respecto á modalidade

No que se refire á primeira variable analizada, a modalidade, dos 42 casos de interpretación inglés-galego-inglés, 19 pertencen á modalidade simultánea e os 23 restantes á consecutiva. Por conseguinte, predomina esta última na interpretación cara ao galego, aínda que non nunha proporción moi elevada (55%). Porén, se comparamos estas cifras coas do castelán, encontramos que o número de interpretacións simultáneas para esta lingua ascende notablemente, pois dun total de 47, temos 34 desta modalidade, o que supón un alto 72%, fronte a tan só 13 (28%) da modalidade consecutiva.

Táboa 1. Modalidade de interpretación en función da combinación lingüística

	<i>Simultánea</i>	<i>Consecutiva</i>	<i>Total</i>
EN>GAL>EN	19 (45 %)	23 (55 %)	42 (100 %)
EN>ES>EN	37 (72 %)	13 (28 %)	47 (100 %)
EN>ES>GAL>EN	1	1	2
& TOTAL	54	37	91

Así, a modalidade introduce diferenzas relevantes entre as dúas combinacións lingüísticas contempladas, xa que a simultánea favorece o castelán (64% do total de interpretacións desta modalidade), e a consecutiva, aínda que menos frecuente que a simultánea (36 casos fronte a 53), favorece o galego (tamén co 64% do total de interpretacións consecutivas), como queda patente na táboa 2. Isto parece indicar que, ante a percepción de condicións facilitadoras, tales como un público maioritariamente local, ao

Táboa 2. Combinación lingüística en función da modalidade da interpretación

	<i>Simultánea</i>	<i>Consecutiva</i>
EN>GAL>EN	19 (36 %)	23 (64 %)
EN>ES>EN	34 (64 %)	13 (36 %)
& TOTAL	53 (100 %)	36 (100 %)

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

que se lle presupón comprensión tanto de castelán como de galego, existe unha preferencia pola lingua propia. Polo tanto, estamos ante o prexuízo que denominamos ‘falso respecto á xente de fóra’ (vid. epígrafe 2); consideramos que este prexuízo, en consecuencia, habería que traballalo co fin de aumentar o uso do galego tamén na modalidade simultánea, especialmente porque esta se dá maioritariamente en congresos cun gran prestixio simbólico (Baxter 2012: 15) e elevado número de participantes e asistentes e, polo tanto, a repercusión normalizadora de usar o galego nestes encontros pode ser maior.

5.2. Con respecto aos axentes iniciadores

No que respecta á segunda variable analizada, os axentes iniciadores, atopámonos un total de sesenta e dous axentes,¹⁵ que agrupamos en función das súas características principais en nove tipos, como podemos observar no gráfico 1:



Como podemos observar no gráfico 1, en tres dos nove tipos establecidos encontramos unha ausencia total do galego (tipos 7, 8 e 9) e o mesmo ocorre co castelán nos dous primeiros tipos (1 e 2). Comezando por estes dous (asociacións culturais e partidos ou fundacións políticas), dos que queda excluído o castelán, cómpre resaltar que no primeiro se trata sempre de asociacións galegas ou locais, o que facilita sen dúbida a presenza

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

15

O número non coincide co total de cada combinación lingüística porque hai axentes que se corresponden con máis dun caso, pois a intérprete traballou para eles en máis dunha ocasión. Isto é habitual, pois se o servizo prestado resulta satisfactorio para o cliente, este adoita contar de novo coa mesma persoa para interpretar. De aí que haxa menos axentes iniciadores que casos.

do galego, mentres que no segundo tipo encontramos en todos os casos partidos que pertencen ao espectro ideolóxico progresista, dato que semella tamén bastante revelador, máis aínda porque no tipo 5 (institucións e servizos públicos), volvemos encontrar unha distribución semellante, xa que nos casos que demandaron interpretación ao galego predominan os gobernados por partidos do espectro ideolóxico progresista, excepto nun caso, e os que solicitaron castelán dependían, en cambio, de gobernos do espectro conservador. Polo tanto, parece reproducirse o prototipo segundo o cal se asocia a ideoloxía política progresista á normalización e defensa do galego e a conservadora á falta de implicación co noso idioma.

No que respecta ao tipo 3 (grupos activistas), a maioría foron interpretacións cara ao galego, respondendo a ONG galegas ou internacionais e redes de movementos sociais, en contraste coa única que tivo lugar cara ao castelán, que foi solicitada por unha ONG española. En relación co tipo 4, os seis casos de interpretación cara ao galego correspóndense con centros de investigación locais ou interuniversitarios, agrupacións de sectores industriais ou socios galegos dun proxecto europeo, mentres que os catro cara ao castelán deste tipo refírense dous deles igualmente a centros tecnolóxicos ou de investigación local, outro a unha agrupación galega do sector médico e o cuarto a un socio galego dun proxecto europeo.

Ademais, cómpre aclarar que todos os casos de interpretación cara ao galego responden á demanda dos propios axentes iniciadores, a excepción de dous, nos que foi consecuencia da proposta da intérprete. Un correspóndese ao primeiro tipo (asociacións culturais) e, en concreto, a unha asociación do ámbito da música clásica, e o outro ao único caso de interpretación ao galego do tipo 6 (empresas españolas ou multinacionais), en concreto, a unha empresa galega do ámbito técnico. En ambos casos, a resposta favorable dos clientes decantou a escolla cara ao galego. Trátase ademais de dous axentes cos que a intérpreteolveu traballar noutras ocasións, de xeito que nestas de novo se empregou a lingua galega e agora xa sen necesidade de negociación previa, senón que o seu uso no primeiro encontro converteuna na lingua por defecto nestes casos, o que demostra o potencial normalizador da oferta en galego (véxase o apartado 2 deste mesmo artigo) e de cuxos casos nos ocuparemos con maior profundidade na parte cualitativa. Polo tanto, no tipo 6, salvo este axente iniciador, os demais (empresas españolas ou multinacionais dos sectores farmacéutico, servizos, primario ou técnico, con sedes principais en Galicia ou España) solicitaron a interpretación ao castelán.

Canto aos tipos 7, 8 e 9, nos que a ausencia do galego é total, correspóndense dez casos aos sectores das artes, ciencias sociais, industria, pesca e tecnoloxía (tipo 7); outros catro casos, dentro do tipo 8, a axentes do sector económico e cultural (dous a cada un) e, para rematar, nove casos de persoas usuarias ou profesionais do ámbito xudicial ou notarial e unha do ámbito sanitario (tipo 9) que se encadrarían baixo a denominación de interpretación nos servizos públicos. Dentro deste tipo, os axentes máis numerosos foron os que precisaban a interpretación para os tribunais de xustiza, o que reflicte o baixo grao de normalización do galego neste eido, onde efectivamente é moi reducido o número de profesionais que emprega a lingua propia no desempeño das súas funcións. Esta situación minorizada queda patente no feito de que a aplicación informática que se utiliza nos xulgados, Minerva NOX, non ofrece a opción da lingua galega, polo que os escasos profesionais que optan polo galego vense na obriga de realizar o esforzo extra de traducir os modelos estandarizados, que só están dispoñibles en castelán.¹⁶

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

16

Véxase algunha das noticias que denunciaron no seu momento esta situación de discriminación para o galego: <https://www.europapress.es/galego/noticia-xunta-responde-mesa-xa-solicitou-ao-estado-as-ferramentas-necesarias-disponer-do-minerva-galego-20110113190528.html>; <https://cartaxeometrica.blogspot.com/2010/05/xustiza-contra-o-galego.html>

17

Sobre as percepcións e actitudes cara ao galego entre a clase dirixente económica en Galicia cf. Pinto 2017.

Polo tanto, en primeiro lugar, cómpre destacar que a diversidade de axentes é maior no caso do castelán ca no de galego. Así, nas 42 interpretacións cara ao galego só encontramos seis tipos (28 axentes diferentes), fronte a sete tipos nas 47 cara ao castelán (34 axentes distintos). Non se trata dunha gran diferenza, pero si debemos considerala tendo en conta ademais que o volume de casos é semellante nunha lingua e noutra (unicamente cinco casos máis de castelán). Isto supón un claro síntoma de menor normalización no que respecta ao galego, xa que os casos concéntranse en maior medida nunha serie de ámbitos (asociacións culturais, partidos e fundacións políticas, grupos activistas, grupos especializados da industria e investigación, institucións e servizos públicos e un caso dunha empresa), quedando excluídos da interpretación cara ao galego os casos de redes, foros ou agrupacións españolas, ibéricas, europeas ou estranxeiras (tipos 7 e 8), nas que o citado argumento da falta de comprensión, no caso de empregar o galego, pode ter máis peso.

En calquera caso, como xa comentamos, este argumento pasa por alto a gran proximidade entre algunhas linguas románicas, e parte dun criterio utilitarista da lingua segundo o cal o seu poder se basea no número de falantes (Formoso 2013: 141; Iglesias 2002: 234) ou no seu 'horizonte territorial' (Iglesias 2002) —máis valor canto máis falantes as usen e, sobre todo, canto máis diñeiro movan os seus respectivos estados—, criterio reducionista e mercantilista co que non concordamos pero que, de aplicalo, valería igualmente para defender o galego, como lingua intercomprensible co portugués e, xa que logo, con gran extensión territorial e poboacional.

Por último, hai dous tipos nos que, se ben hai presenza de ambas linguas, o reparto entre elas é moi desigual. Referímonos aos grupos activistas (tipo 3), que favorecen o uso do galego, e ao ámbito empresarial (tipo 6), que favorece en cambio o emprego do castelán, sobre todo nos estratos máis altos, isto é, xerentes, directores, etc., que son por outra parte os que demandan servizos de interpretación.¹⁷ De novo, o uso dunha lingua ou outra responde claramente ao estereotipo formado a raíz do inicio do proceso de normalización do galego, ao que sempre foron máis receptivos os grupos de corte ideolóxico progresista e de contestación social. Sen dúbida esta asociación entre reivindicación social e lingua galega non é negativa, o problema radica cando ao mesmo tempo se exclúe de ámbitos con maior poder económico como é precisamente o empresarial.

5.3. Con respecto á temática dos encontros

No que respecta á terceira variable analizada, a temática dos encontros, atopamos reunións e congresos sobre eidos pertencentes a oito grandes áreas: cultura, política, sociedade, ciencia, empresa, turismo e patrimonio, ambiente e economía, tal como recolleemos na táboa 3.

Ao analizarmos a temática das interpretacións, volvemos comprobar como, despois de máis de trinta anos desde que se aprobou a *Lei de normalización lingüística* (1983) e a pesar do aumento da presenza do galego en ámbitos de prestixio, como este propio artigo demostra, continuamos a presenciar unha distribución lingüística marcada polos estereotipos e prexuízos. Así, a táboa 3 pon en evidencia como por exemplo no tema cultural predomina claramente o galego, con 14 casos fronte a menos da metade de castelán (tan só 6), mentres que, no tema científico e empresarial, a inmensa maioría dos casos interprétanse ao castelán, con 14 e 16

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

casos respectivamente, fronte a tan só 3 e 2 de galego. No tema da política volve superar o galego ao castelán, con 10 casos fronte a 2, pero lembremos que en parte a causa é que no noso corpus as interpretacións realizadas directamente a partidos e fundacións políticas (axente iniciador do tipo 2) corresponden todas ao espectro ideolóxico progresista.

De todos os xeitos, dentro dos temas tratados nas interpretacións cara ao galego, encontramos bastante diversidade, aínda sen saírmonos destas grandes áreas temáticas. Así, tratáronse dentro do ámbito cultural desde temas relacionados co patrimonio mariño ata denuncia social ou feminismo.

Táboa 3. Clasificación de todos os casos estudados, segundo o tipo de axente iniciador, a temática, a modalidade e a lingua de interpretación.¹⁸

	<i>Cultura</i>	<i>Política</i>	<i>Sociedade</i>	<i>Ciencia</i>	<i>Empresa</i>	<i>Turismo e Patrimonio</i>	<i>Ambiente</i>	<i>Economía</i>
(1) Asociacións culturais galegas	S:2 / C:7							
(2) Partidos e fundacións políticas	S:1	S:4 / C:5	S:2				S:1 / C:1	S:1
(3) Grupos activistas	C:1		S:1 / C:3 C:1					
(4) Grupos especializados da industria ou da investigación	S:1	S:1	S:1 / C:1 S:1	S:1 / C:1 S:4		C:1		
(5) Institucións ou servizos públicos	S:2 C:2	S:1	S:1	C:1 S:1 / C:1		S:1		C:1
(6) (Grandes) Empresas				S:2 / C:1	C:2 S:4			
(7) Agrupacións de ámbito estatal ou internacional	S:3	S:1		S:3	S:6	S:2		
(8) Foros ou fundacións estranxeiras	C:1				S:1			
(9) Usuarios de servizos públicos (ou representantes)			C:3	C:2	C:5			
Total	S:6 / C:8 14	S:5 / C:5 10	S:4 / C:4 8	S:1 / C:2 3	C:2 2	S:1 / C:1 2	S:1 / C:1 2	S:1 1
Total	S:3 / C:3 6	S:2 2	S:2 / C:4 6	S:10 / C:4 14	S:11 / C:5 16	S:2 2		C:1 1

¹⁸

Na fila coa tipografía en negro recolleamos a combinación inglés-galego e na de tipografía en gris os casos de inglés-castelán. Por outra parte, indicamos tamén se se trata de modalidade simultánea (S) ou consecutiva (C).

No ámbito político, tamén se abordaron temas tan dispares como a pesca e o nacionalismo, ou na temática social, xa menos diversificada, os dereitos humanos e a inserción social. No caso do castelán, as dúas áreas nas que predomina claramente este idioma, a científica e a empresarial, os temas concretos tratados abranguen desde a pesca ata a psicoloxía, pasando pola medicina, xenética, industria láser ou urbanismo.

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

Sen dúbida, as imaxes que nos podemos formar dunha lingua ou outra a partir destes temas son bastante diferentes e, unha vez máis, responden aos tradicionais prexuízos, segundo os cales o idioma castelán aparece máis vinculado á modernidade, economía e novas tecnoloxías; mentres que o galego se asocia en maior medida á reivindicación da xustiza social e á construción e defensa dunha identidade propia.

6. Análise cualitativa focalizada de tres casos ilustrativos

Os datos recollidos e analizados cuantitativamente no anterior apartado abranguen un amplo abano de situacións nas que a intérprete participou de forma máis ou menos activa na oferta de servizos e aceptación de propostas de interpretación. Se ben en dito proceso poden intervir moitos axentes cuxa análise excedería os límites deste artigo, coidamos pertinente deternos na descrición e explicación polo miúdo de tres casos representativos do que consideramos exemplos de 'oferta positiva' en galego: dous deles que redundaron na escolla desta lingua e utilización en ocasións posteriores, no caso da interpretación consecutiva e sen intermediación de axencias, e un terceiro, na modalidade simultánea, cuxa temática e condicións parecerían contribuír a priori ao emprego do galego pero no que, finalmente, esta non foi aceptada como lingua de traballo, a pesar da oferta positiva por parte da intérprete.

O primeiro dos casos é a interpretación consecutiva nunha conferencia en inglés organizada por unha asociación de música clásica e o segundo unha interpretación bilateral de tipo empresarial no ámbito da fabricación de equipamento industrial para o sector da pesca. Tanto nun caso coma no outro, houbo cando menos dúas condicións facilitadoras da escolla do galego para a interpretación desde e cara ao inglés. A primeira delas, común en ambas, foi o feito de dirixirnos en galego ás persoas que se puxeron en contacto connosco e que elas continuasen a falarnos nesta lingua. A segunda, o feito de ser esta lingua a propia da persoa para a que iamos interpretar. Outra pode ser a ausencia de prexuízos, aínda que se trata dunha cuestión máis difícil de medir e, dada a metodoloxía utilizada, aínda máis complicada de verificar.

Así, ao recibir a encomenda de interpretación, no primeiro dos casos a intérprete preguntou directamente sobre a lingua na que querían que se interpretase e foi a propia intérprete quen puido escoller o galego ante a indiferenza da solicitante do servizo. Esta circunstancia sentou un precedente, e así, deuse por feito a utilización desta lingua en todas as demais ocasións nas que se traballou para esta mesma asociación, coa súa conseguinte visibilización e normalización.

No segundo dos casos, a intérprete non preguntou e, dado que a conversa co cliente e interlocutor foi todo o tempo en galego, interpretou directamente nesta lingua. Isto provocou varias situacións curiosas. A primeira foi a estrañeza do cliente por se poder dirixir en galego ao seu homólogo británico —ás veces mudaba ao castelán polo costume de cambiar de lingua ao falar con alguén de fóra, malia ser o galego a súa lingua materna— e por recibir a interpretación en galego; de feito, o cliente chegou a manifestar a súa sorpresa, aínda que positiva, ante a posibilidade de interpretación entre galego e inglés, reflectindo a pegada do estereotipo que asocia as persoas galegofalantes cun menor dominio das linguas estranxeiras —malia este estar ben afastado da realidade, pois na actualidade son precisamente as persoas galegofalantes as que teñen competencia en polo menos dúas linguas. A

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

segunda, o vínculo inesperado co interlocutor, que resultou ser galés e dominar tamén esa lingua. Así, tras preguntar pola lingua na que falabamos, que recoñeceu como algo distinto ao castelán e ao portugués e responderlle que era galego, contou que o galés era a súa lingua materna e só aprendera inglés na escola, o que creou un sentimento de experiencia compartida, orgullo e respecto cara ás linguas minorizadas que achegou ambos interlocutores.

No terceiro dos casos, a interpretación foi na modalidade de simultánea e tratábase dun encontro especializado de tipo técnico para o establecemento dunha rede europea no eido musical. A ela só asistían representantes doutros países europeos e ninguén máis do resto de España á parte dos anfitrións galegos, polo que non había necesidade específica de contratar cabina de castelán para aforrar custos e garantir a comprensión de castelanfalantes procedentes do resto da península, senón unicamente para garantir a comunicación dos anfitrións galegos. Porén, nin o anterior feito nin a temática (unha rede do eido musical e centrada nos vínculos con outros países de raíz celta) ou a oferta do galego como lingua de comunicación por parte da intérprete que mediou fixeron que os organizadores se decantasen pola combinación inglés-galego.

7. Resultados

Unha vez analizados os resultados polo miúdo, observamos que hai elementos característicos dos encontros que se interpretan en galego ou en castelán. O primeiro deles é a modalidade, que no caso da intérprete estudada presenta un predominio de interpretacións ao galego (64%) fronte ao castelán na modalidade de consecutiva e de castelán fronte ao galego (64%) na modalidade de simultánea (véxase táboa 2). Asemade, do escaso número de interpretacións consecutivas que se dan no caso do castelán, unha gran parte corresponde ao ámbito xudicial (sete de trece), polo que non se trataría de interpretación de conferencias, senón de interpretación nos servizos públicos ou ‘community interpreting’, na que se observa unha ausencia total do galego como lingua de traballo, algo que de seguro ten moito que ver coas características deste tipo de interpretación, na que a persoa que a emprega está nunha situación de desigualdade de poder fronte á administración do servizo que precisa.

Observamos, polo tanto, que a modalidade de consecutiva ten un gran potencial para a normalización do galego, debido probablemente ao tipo de actos nos que se emprega e á ausencia de razóns comunicativas para optar polo castelán, dado que o público é maioritariamente galego. De feito, se comparamos os nosos datos co estudo previo sobre a interpretación en galego realizado por Baxter (2013b), encontramos unha proporción lixeiramente superior (15% máis) de interpretacións en galego, se tomamos unicamente os nosos datos de interpretación simultánea, e unha diferenza de case un 25% máis con respecto aos datos de Baxter (2013b), de comparalos cos nosos datos de consecutiva.

Non obstante, a preponderancia da combinación lingüística inglés-castelán na modalidade simultánea ten repercusións cuantitativas, xa que, como comentamos, esta se dá maioritariamente en congresos cun elevado número de participantes e asistentes, polo que a repercusión normalizadora de usar o galego nestes encontros pode resultar moi

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

importante. Así, o feito de que o galego se utilizase como lingua de interpretación desde o inglés en 19 casos de interpretación simultánea non se debe menosprezar. O mesmo acontece coa temática dos encontros, nos que o maior potencial normalizador recaería naqueles do ámbito científico, empresarial e económico, nos que a presenza do galego é anecdótica, aínda que non nula, en especial se a comparamos coa dos ámbitos político, social e cultural.

Porén, a modalidade de consecutiva ou a ausencia de persoas do resto de España non implican necesariamente a escolla do galego, xa que algúns axentes iniciadores deciden sistematicamente optar polo castelán. Vemos, xa que logo, que nestes casos non é a necesidade comunicativa, senón a inercia ou a escolla ideolóxica, as que inclinan a balanza a favor do castelán. Polo tanto —aínda que sería preciso un estudo máis profundo dos hábitos e concepcións con respecto do galego de cada un dos axentes ou persoas usuarias da interpretación para poder indagar nas orixes específicas de cadanseus prexuízos ou reticencias—, a súa preferencia polo castelán nos casos anteditos contribúe á invisibilización do galego e á súa condición de lingua minorizada.

En efecto, un dos factores determinantes máis importantes na escolla do galego é, sen dúbida, o axente iniciador, no que destacan as agrupacións culturais galegas e os partidos e fundacións políticas do espectro progresista como principais axentes impulsores da presenza desta lingua en encontros que precisan interpretación desde o inglés. No primeiro dos casos, vemos que as agrupacións ou federacións culturais galegas (ou locais) que organizan encontros relacionados coa cultura se decantaron polo galego —independentemente da modalidade (mesmo nun caso de simultánea, pedírono expresamente, malia a sorpresa do axente intermediario polo feito de haber relatores do resto de España)—, ben directamente ou ben tras suxerírllelo a intérprete. No segundo dos casos, os partidos e fundacións políticas do espectro progresista fixérono sempre, sen necesidade de llelo ofrecer, e independentemente da modalidade ou ámbito dos encontros, nos que predominan, en calquera caso, os temas relacionados coa política, seguidos dos culturais.

Con iso e con todo, cando nos referimos a cargos ou institucións públicas —ocupadas por membros destes mesmos partidos políticos do espectro progresista—, o feito de pertenceren a esta franxa ideolóxica non garante necesariamente a escolla do galego en vez do castelán na modalidade de simultánea, mesmo tratándose dun tema de tipo social, no que se podería esperar unha inclinación cara ao galego; así, nunha ocasión nun congreso deste ámbito, organizado por cargos ou institucións públicas gobernadas por membros do espectro progresista, estas escolleron o castelán, entendemos que por motivos comunicativos e de cortesía, pois nese encontro bastantes das poñentes eran do resto de España.

Pola contra, as entidades organizadoras gobernadas por un partido do espectro conservador non se decantaron polo galego, nin sequera na modalidade de consecutiva, nin nun encontro do ámbito cultural ou social, aínda despois de lles ofrecer a posibilidade. O mesmo acontece coas agrupacións de ámbito estatal e internacional e os foros ou fundacións estranxeiras, así como no ámbito dos servizos públicos e para a maioría das grandes empresas, aínda que teñan sede en Galicia. Deste último grupo a única excepción foi o caso dunha empresa de maquinaria para a industria conserveira que precisaba unha interpretación consecutiva e que optou polo galego ante a posibilidade ofrecida pola intérprete (vid. segundo caso do apartado 7).

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

Por outra banda, se ben a temática se corresponde en gran medida coa asociación asumida socialmente da lingua galega ao ámbito cultural, as escollas dos axentes iniciadores non sempre se corresponden coas ideas previas máis xeneralizadas con respecto aos ámbitos habituais da lingua galega. Así, por exemplo, dentro do eido cultural, no ámbito musical, unhas conferencias sobre música clásica —na modalidade de consecutiva— interpretáronse sistematicamente en galego (a raíz da oferta desta lingua por parte da intérprete na primeira delas) e un encontro sobre música folk interpretouse ao castelán, na modalidade de simultánea, mesmo cando non había ninguén do resto de España que asistise á xuntanza, e malia se lle ofrecer a posibilidade de interpretar desde e cara ao galego. De feito, congresos diferentes sobre un mesmo tema —estritamente vinculado coa diversidade lingüística coma o das linguas minorizadas— son interpretados ao galego ou ao castelán en función do axente iniciador: nun caso (grupo de investigación interuniversitario) ao galego e noutro (gobierno do espectro conservador) ao castelán.

8. Conclusións

Este artigo tiña como obxectivo determinar que factores inflúen na escolla do galego fronte ao castelán como lingua de interpretación cara ao inglés tomando como base a experiencia dunha intérprete profesional. Nos casos analizados, correspondentes aos realizados por esta entre o 2003 e o 2018, a presenza do galego e o castelán como linguas de traballo, na combinación co inglés, é semellante. Non encontramos, polo tanto, un claro predominio do castelán, como era de esperar polos estudos previos.

Porén, a distribución dunha lingua ou outra en función da modalidade da interpretación non é equitativa, de xeito que a modalidade simultánea favorece o castelán e a consecutiva o galego. O motivo radica nas diferentes características dunha e outra, pero en calquera caso pon de relevo a existencia dunha boa disposición cara ao uso do galego cando o contexto se percibe favorable. Tendo en conta isto, consideramos que o papel da propia intérprete ou axente mediador pode resultar fundamental para a extensión do galego como lingua de interpretación, pois en moitos casos de modalidade simultánea o motivo da falta de comprensión do galego por parte do público non se corresponde coa realidade. De todos os xeitos, debido á reducida marxe de intervención da intérprete, pois é ela a que está ofrecendo un servizo, pode resultar máis doado que a oferta en galego proceda dos propios destinatarios (público participante). Neste sentido, podemos concluír que a intérprete, se quere actuar como dinamizadora do galego, terá que valorar a súa marxe de intervención, co fin de non poñer en risco o seu propio emprego, o cal dependerá de cuestións relacionadas coa posición de poder na que se encontre en función da relación previa co cliente, experiencia profesional, status, etc.

Canto aos axentes iniciadores, tanto a maior diversidade tipolóxica da interpretación cara ao castelán coma a asociación do galego coa cultura, o activismo ou o espectro político progresista denotan carencias no grao de normalización do galego. Así e todo, a nosa análise tamén rompe algúns estereotipos moi asentados, como a presenza do galego como lingua de traballo só en resposta á promoción das institucións públicas ou a súa ausencia no ámbito da industria e a investigación (no primeiro tipo encontramos 5 casos de galego e 4 de castelán e no segundo 6 de galego e 4 de castelán).

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

Ademais, a variedade de axentes iniciadores que se decantan polo galego amosa unha panorámica diversa que non se restrinxe a agrupacións sindicais ou políticas nacionalistas, únicos axentes iniciadores de interpretación cara ao galego nos casos do xa nomeado estudo de Baxter (2013b), feito que nos parece esperanzador e positivo para a normalización da lingua.

No que respecta á temática, predomina o galego nos temas relacionados coa cultura, a política e a sociedade, mentres que o castelán nos eidos empresarial, científico e económico, resultando o tema do turismo e patrimonio presente por igual en ambas linguas e o tema do ambiente exclusivo do galego. En calquera caso, o axente iniciador maniféstase como un factor máis determinante que a temática na escolla do galego fronte ao castelán.

Por último, debemos ter en conta o papel de quen interpreta e media na oferta de servizos de interpretación, para suxerir o galego como unha opción viable e posible. No noso corpus, os casos que valoramos con maior forza ou potencial normalizador son precisamente os que responden a esta situación, o que demostra ademais a importancia dun aumento da oferta, con consecuencias normalizadoras relevantes e que pode repercutir á súa vez nun aumento da demanda. Reivindicamos polo tanto unha inversión da lei da oferta e a demanda, na liña dunha das medidas que propoñía o PXNLG (VV. AA. 2004: 23), denominada 'oferta positiva' en galego. Consideramos que efectivamente este é o camiño, por conseguinte, para empoderar e visibilizar o galego, camiño ao que todos e todas podemos contribuír.

Defendemos, polo tanto, que a falta de oferta do galego como lingua de interpretación está no cerne da invisibilización do galego como lingua de congresos, pois en moitos casos a utilización do castelán respondería máis a inercias establecidas que a un rexeitamento cara á lingua galega. En bastantes circunstancias, a oferta de emprego do galego sería ben recibida polos clientes, pois é a súa invisibilización a que fai que se dea por feito a escolla do castelán. Dita oferta e visibilización do galego como lingua de congresos redundarían nun posible aumento da demanda, contribuíndo ademais a eliminar os prexuízos cara a esta como lingua minorizada.



Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

Obras citadas

- AGUILAR GAVIRA, Sonia & Julio BARROSO OSUNA, 2015. 'La triangulación de datos como estrategia en investigación educativa', *Píxel-Bit. Revista de Medios y Educación* 47: 7388.
- ALONSO BACIGALUPE, Luis, ed., 2010. *Inserción profesional d@s estudantes de tradución e interpretación* (Granada: Atrio).
- ALONSO BACIGALUPE, Luis, Susana CRUCES COLADO & Silvia MASCUÑÁN TOLÓN, 2003-2004. 'A interpretación en Galicia: unha profesión emerxente', *Viceversa* 9-10: 11-30.
- ANGELELLI, Claudia V., 2004. *Revisiting the Interpreter's Role* (Amsterdam: Benjamins).
- ARIAS VALENCIA, María Mercedes, 2000. 'La triangulación metodolóxica: sus principios, alcances y limitaciones', *Investigación y educación en enfermería* 18: 13-26.
- BANCROFT, Marjory A, 2015. 'Community interpreting: A profession rooted in social justice' in MIKKELSON, Holly & Renée JOURDENAIS, eds., *The Routledge Handbook of Interpreting* (Routledge: Londres/Nova York).
- BAXTER, Robert Neal, 2012. 'A interpretación de conferencias no marco da planificación do status lingüístico: o caso galego', *Revista Galega de Filoloxía* 13: 9-26.
- , 2013a. *A interpretación de conferencias e a planificación de linguas en situacións de diglosia* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).
- , 2013b. 'Interpreting and minority language planning and policy. Galician as a case study', *Language Problems & Language Planning* 37(3): 227-248.
- , 2017. 'The Importance of Interpreter Training for Minority Languages: An Analytical Overview of the Co-official Languages in Spain', *Quaderns* Vol. 24: 151-177.
- BENDAZZOLI, Claudio, 2010. *Testi e contesti dell'interpretazione di conferenza: uno studio etnografico*. Tese de doutoramento (Universidade de Boloña).
- BISQUERRA ALZINA, Rafael, 2009. *Metodología de la investigación educativa* (Madrid: La Muralla).
- CURRAIS ARCAJ, Jacobo, 2010, 'Aproximación ao mercado da interpretación de conferencias en Galicia' en Alonso Bacigalupe: 129-135.
- DEL VALLE, José, ed., 2007. *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideoloxías del español* (Madrid: Vervuert).

Factores que inflúen na escolla do galego como lingua de traballo na interpretación en Galicia: análise sociolingüística dunha traxectoria profesional
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

DIRIKER, Ebru, 2011. 'Agency in Conference Interpreting: Still a Myth?', *Gramma: Journal of Theory and Criticism* 19: 27-36.

DURBAN, Chris, 2010. *A interpretación. A escolla acertada. Guía práctica para contratar servizos de interpretación*. Tradución da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación http://www.agpti.org/web/uploads/documentos/arquivo/57090b7ebbaec-gl_interpreta_a_escolla_acertadapdf.pdf

FORMOSO GOSENDE, Valentina, 2013. *Do estigma á estima: Propostas para un novo discurso lingüístico* (Vigo: Xerais).

HOWE, Herbert E. & Monte M. PAGE, eds., 1979. *Nebraska Symposium on Motivation* (Lincoln: University of Nebraska Press).

IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana, 2002. Falar galego: "no veo por qué?". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia (Vigo: Xerais).

INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (IGE). Xunta de Galicia. <http://www.ige.eu/web/index.jsp?idi-oma=gl>

KAWULICH, Barbara B, 2005. 'La observación participante como método de recolección de datos', *Forum Qualitative Sozialforschung / Forum: Qualitative Social Research* 6(2). Art. 43, <http://nbn-resolving.de/urn:nbn:de:0114-fqs0502430>.

LABRAÑA, Sabela, Ignacio VÁZQUEZ, Horst G. KLEIN & Tilbert D. STEGMANN, 2009. EuroComRom - As sete peneiras: Saber ler axiña todas as linguas románicas (Düren: Shaker Verlag).

MOLE, Heather, 2018. Narratives of power: Critical reflections on signed language interpreting. Tese de doutoramento (Herriott-Watt University).

PINTO PAJARES, Daniel, 2017. 'O valor económico das linguas: percepcións da clase alta directiva de Galicia', *Revista Galega de Filoloxía* 18, 133-158.

PIÑEIRO AGUIAR, Eleder, 2015. 'Observación participante: una introducción', *Revista San Gregorio*, Número especial 1: 80-89.

RAMALLO FERNÁNDEZ, Fernando e Gabriel REI DOVAL, 1997. *Vender en galego. Comunicación, empresa e lingua en Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

TRIANDIS, Harry C., 1980, 'Values, attitudes, and interpersonal behavior' en Howe & Page 1979: 195-259.

VV. AA., 2019. 'Tomamos o pulso ao mercado da interpretación en Galicia', Xornadas organizadas pola Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación. Gravacións dispoñibles en <https://tv.uvigo.es/series/5c5c13c98f4208a1739538b1>.

*Factores que inflúen na escolla
do galego como lingua de
traballo na interpretación en
Galicia: análise sociolingüística
dunha traxectoria profesional*
Lara Domínguez Araújo
Ana Iglesias Álvarez

VV. AA., 2004. 'Plan Xeral de Normalización da Lingua galega' (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia; Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; Dirección Xeral de Política Lingüística).

WOOLARD, Kathryn. A. 2007. 'La autoridad lingüística del español y las ideologías de la autenticidad y el anonimato' en Del Valle 2007: 129-142.